

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A HUMANIZACIÓN DE DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para o proxecto de peche perimetral de área recreativa e mellora de pavimento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** Que O Concello de Ribadeo pretende levar a cabo o proxecto de dinamizar e revitalizar unha área recreativa existente no casco urbano do termo municipal, neste caso trátase de realizar o peche perimetral da Área Recreativa existente nas rúas Estrada do Faro e Colonia de Gibraltar, así como a mellora do pavimento da rúa Illa Pancha.

A área recreativa, ubicada no trazado do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, que transita pola costa asturiana e entra en Galicia polo porto de Porcillán en Ribadeo, está pechada cunha valla de madeira e por setos vexetais, de aproximadamente un metro de altura, que debido ao paso dos anos e as inclemencias do tempo, atópanse moi deteriorados con falta dalgunhas lamas verticais no peche e con discontinuidades nos setos vexetais, polo que resulta perigoso que os usuarios desta área recreativa se acerquen o bordo do desnivel existente na zona Este (estrada do Faro).

Por outra banda, debido o mal estado que presenta o pavimento da rúa Illa Pancha, debido o numeroso tráfico que soporta, por ser unha zona por onde acceden os autobuses a estación así como polos accesos a un aparcamento público existente nas inmediacións, e polo que se están a producir afundimentos no pavimento, o que provoca a aparición de grandes fochancas, o que fai moi perigosa a circulación de vehículos pola zona.

A descrición das obras que comprende o presente proxecto de execución, e sobre as que se calculou o orzamento de execución por contrata son as seguintes:

- Retirada de mobiliario urbano existente en mal estado (bancos, papeleiras e varandas de madeira).
- Desbroce e limpeza do terreo, con retirada dos setos vexetais.
- Movemento de terras, para apertura e ensanche de caixa, para permitir o paso peonil.
- Realización de soleira de formigón, sobre base de saburra natural, para posteriormente lograr un acabado do firme en formigón desactivado.
- Colocación de novos bordos tipo xardín, no encontro entre o paso peonil e a zona verde.



- Disposición de novo valado de madeira, en todo o perímetro do parque.
- Instalación de dous bancos, dúas papeleiras e dúas mesas, en madeira tratada en autoclave.
- Limpeza con barrido do firme actual.
- Regularización do estado actual da rúa, en concreto das fochancas existentes.
- Fresado das xuntas lonxitudinais de unión con outras rúas e no encontro coas beirarrúas.
- Rego de adherencia con emulsión asfáltica.
- Mistura bituminosa en quente de 6 cm de espesor

**Terceiro.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas Galicia, destino auténtico e diferencial. Unha primeira liña de traballo incide no Camiño de Santiago e no Xacobeo 2027. O Camiño de Santiago é un dos recursos máis singulares e diferenciais do turismo galego e que segue a acadar datos de crecemento. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo.

A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

